



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 851/2015.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, e

Visto que é necesario adiantar un día a data de celebración da sesión ordinaria dado que coincide en día non laborable segundo o artigo 42 do Convenio colectivo do persoal laboral e acordo regulador do persoal funcionario ao servizo do Concello de Padrón,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **30 de decembro de 2015 (mércores) ás 09:30 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 17 de decembro de 2015.

2.- Solicitud de licenza municipal de obras para desmontaxe de elementos en situación de colapso en edificio en ruína sito na rúa Longa nº 4, esquina Ruiz Pons, formulada por Dª María del Pilar Ramos Stolle en representación da comunidade de heredeiros de Julián Ramos Mella e da comunidade de heredeiros de María del Carmen Elvira Ramos Stolle, expediente de ruína 1/2014.

3.- Solicitud de licenza municipal de obras de lavado e pintado de fachada de vivenda sita na Rúa Constanilla do Carme, nº 7, formulada por D. Carlos Domínguez Pérez, expediente 148/2015/LU.

4.- Solicitud de cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento adicado a restaurante baixo a denominación comercial de "A Casa das Corredoiras", sito no lugar de Belina, Cruces, formulada por D. José Manuel Varela Lado, expte 55/2015/CTA.

5.- Aprobación da certificación número 1- final da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" (POS 2015).

6.- Dotación económica ao grupo político municipal PSdeG-PSOE no período comprendido do 14 de xuño ao 31 de decembro do 2015.

7.- Abono ao Concello de Brión do reforzo do servizo da policía local de Padrón durante as festas de Pascua 2015.

8.- Dotación económica ao grupo mixto no período comprendido do 14 de xuño ao 31 de decembro do 2015.

9.- Xustificación da subvención concedida en réxime de concorrencia competitiva á Asociación de Mulleres Xuntanza do Sar.

10.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

7

Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 28 de decembro de 2015

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min



Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez